


LIÑAS PRIORITARIAS

CURSO 20/21



I.E.S. ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ
A ESTRADA

1. PROPOSTAS PARA MELLORAR A ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.

- Mellorar as canles de comunicación co profesorado e con toda a comunidade escolar para dar a coñecer o funcionamento, as actividades e os fondos da biblioteca.
- Reforzar a colaboración coas titorías e o Departamento de Orientación para dar a coñecer o funcionamento e organización da Biblioteca entre a comunidade educativa.
- Implicar ao alumnado na organización das actividades e no funcionamento da biblioteca.
- O profesorado que forme parte do equipo de biblioteca debería ter horas de dedicación.
- É necesario que o profesorado do equipo teña unha hora de reunión á semana.
- Colaborar coa ANPA para difundir entre as familias os fondos existentes e darlles a coñecer as normas de uso e funcionamento.
- Concienciar aos usuarios da importancia de cumprir os prazos de empréstitos e de non levar documentos sen rexistrar (carteis, campaña nas titorías, etc.).
- Creación de grupos de traballo dentro do Equipo da Biblioteca: Organización e Xestión-TICs, Dinamización, Formación de Usuarios e formación para manexo de ferramentas telemáticas (como facer video chamadas, video conferencias...)
- Incrementar a colaboración cos centros de ensino da localidade e coa Biblioteca Municipal, tanto na organización de actividades como no uso compartido dos fondos respectivos.
- Incrementar a colaboración coa Concellaría de Educación e Cultura do Concello da Estrada para difundir no noso centro as súas actividades e artellar mecanismos que faciliten a asistencia ás mesmas do noso alumnado. Tamén seguir na colaboración co CIM(Cento de Información da Muller) e outras asociacións do noso Concello.
- Seguir a colaborar na creación e nas actividades da microrrede de Bibliotecas Escolares Estradenses e continuar co proxecto Estrada de Libros.

2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN.

- A Biblioteca procurará dotar a todo o alumnado dos recursos necesarios para unha educación en igualdade, contribuíndo a superar as diferenzas económicas ou sociolóxicas existentes entre as familias e que dificultan o acceso equitativo aos recursos didácticos e culturais.
- Na compra de fondos prestarase maior interese a aqueles que contribúan ás competencias básicas, e especialmente, como xa dixemos con anterioridade, procuraremos aumentar e difundir as coleccións destinadas a atender necesidades educativas especiais, para o que contamos cunha partida económica específica, diversidade, alumnado doutras culturas... É a contribuír a unha sociedade máis xusta e igualitaria (educación para a igualdade de xénero, educación para a paz, etc.).
- Na adquisición de fondos prestarase unha especial atención á actualización dos documentos en galego, e tamén a súa difusión entre os usuarios/as. Con fondos STEAM preténdese adquirir libros de temática científica, tecnolóxica e artística e equilibrar o catálogo da Biblioteca.
- É conveniente poñer os medios para que o alumnado faga suxestións de compras mediante un buzón ou unha urna de suxerencias. Funcionou ben no curso pasado.
- Propoñer actividades e recursos específicos para as distintas materias e cursos: exposicións, cuestionarios, concursos, etc.
- Difusión das actividades da biblioteca con carteis nos corredores, no taboleiro da Biblioteca, na prensa, no blogue, redes sociais, e na páxina web do centro.
- Potenciación do uso da Biblioteca como espazo didáctico de xeito específico entre o alumnado de Ciclos Formativos e deseñar actividades específicas da biblioteca para este nivel educativo.
- Fomento e apoio ao grupo de teatro da Biblioteca Avelaíñas Teatro, como un instrumento eficaz e lúdico de adquisición das competencias básicas e superación das desigualdades.

- Difusión de Boletíns de Novidades e exposición das mesmas.
- Incrementar a colaboración coa ANPA para informalos dos fondos da biblioteca, actividades..., e sobre todo, fomentar o uso da biblioteca por parte do alumnado e das súas familias coa creación dun club de lectura de adultos.
- Ao longo do curso a Biblioteca participará nas conmemoracións e celebracións do centro, (Día da Ciencia; Día para a eliminación da violencia de xénero; Día da Paz; Día da Muller; Día do Libro; Día das Letras Galegas...) Para iso realizará actividades tales como: exposicións; certames de lectura, escritura, fotografía, oralidade...; vídeos e presentacións; conferencias e actuacións; traballos de aula; etc. Impulsaremos a forma telemática. Procurarase a colaboración cos departamentos e o Equipo de Normalización, e a participación activa do alumnado.

3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL.

- Difundir o folleto de uso e préstamo, co plano da Biblioteca, nas titorías. Formar para aprender a ler en liña.
- Realizar visitas periódicas do alumnado das distintas titorías á Biblioteca, como espazo didáctico e para a realización de xogos e outras actividades que requiran un coñecemento das normas de funcionamento.
- Fomentar a participación autónoma do alumnado no servizo de autoempréstito. Fomentar especificamente a participación do alumnado de ciclos formativos e FP Básica nas actividades e concursos propostos dende a biblioteca, así como o fomento da lectura neste nivel educativo.
- Difundir os medios informáticos desde onde buscar os fondos da Biblioteca, e os materiais que permitan acadar unha maior competencia no tratamento da información.
- Potenciar a creación dun grupo de traballo, ou seminario permanente, sobre algúns dos aspectos a traballar na Biblioteca (formación de usuarios, proxecto lector, MEIGA, etc.) dentro do profesorado do equipo. É importante tamén promover a participación responsable do alumnado nos espazos web (blogue, páxina, redes sociais) baixo a supervisión, pero sen a intermediación, do profesorado e as familias. Procurase contar con expertos no tema que realicen talleres e charlas para os distintos niveis educativos
- Potenciar o grupo de Voluntariado creado no curso pasado. Non se trata só de que teña funcións de mantenza da orde e vixilancia, senón tamén que participe activamente no servizo de préstamo, así como tamén na organización e na recomendación de libros.

4. FOMENTO DA LECTURA E PROXECTO LECTOR.

- As actividades de dinamización que se organicen terán como obxectivo fundamental o fomento da lectura e deberán enmarcarse dentro do Proxecto Lector. A principio de curso recolleranse as propostas de modificación do Proxecto Lector realizadas polos Departamentos e decidiranse os cambios que se consideren oportunos nunha reunión da CCP. Recolleranse os plans lectores dos departamentos, que xunto ao proxecto da Biblioteca, formarán parte do Plan Anual do centro.
- Continuarase coa “Hora de Ler” posta en marcha no curso pasado pero readaptando para ler en liña tanto en aula como de forma non presencial se fose necesario.
- Distribuirase a comezo de curso o calendario da “hora de ler”, recomendacións lectoras específicas para cada curso e follas en branco onde cada alumno/a apuntará os libros que vai lendo. Tamén se explicarán as normas para facer correctamente esta actividade. En caso de ter clases non presenciais o sistema pode seguir funcionando.
- Realizar actividades nas que o alumnado e o profesorado fale das lecturas que realizou e faga recomendacións lectoras. Fomentar o uso da canle Booktubers do Losada.
- Elaboración de guías (e fichas) de lectura de libros, cómics, películas ... de interese, ao longo do ano, coa colaboración do alumnado do Club de Lectura.

- Elaborar listaxe de libros, películas, cómics que consideremos de especial interese por niveis.
- Seguimento do Proxecto Lector por parte do grupo do Equipo, en contacto cos departamentos, e nas reunións da CCP.
- Elaborar guías de lectura para as vacacións de nadal e verán que axuden a dar a coñecer os fondos de xeito atractivo, esperten a curiosidade entre as persoas carentes de hábito lector e faciliten a elección das lecturas.
- Premiar aos mellores lectores/as e aos mellores comentarios de lecturas no espazo web e na axenda de lecturas.
- Club de Lectura ‘@s Retellador@s do Galiñeiro’ terá un papel central no fomento da lectura entre o alumnado en xeral, como exemplo de goce co hábito lector. Procurárase manter o número de membros do club e diversificar as súas actividades, facendo do mesmo o motor da dinámica cotiá da biblioteca e das distintas actividades e intentaremos captar cada día máis socios/as. Aproveitárase os recursos de Edixgal para facer lecturas en outros formatos. Intentaremos fomentar este formato para evitar o problema do curso pasado coa suspensión das clases presenciais. As reunións serán telemáticas.

5. AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA.

Entre as medidas que se deberán tomar para avanzar cara unha biblioteca inclusiva figuran as seguintes:

- Incluír na programación da biblioteca escolar actividades que fomenten valores inclusivos e adoptar metodoloxías nas súas prácticas que ofrezan servizo a todos os membros da comunidade educativa, atendendo a alumnos e alumnas con dificultades educativas co fin de que estes desenvolvan todas as súas diversas capacidades e se sintan valorados por igual.
- Coordinar desde a biblioteca prácticas e actividades que respondan á diversidade do alumnado para conseguir a súa inclusión social e académica.
- Adquirir libros e materias que traten temáticas relativas ás culturas das que é orixinario alumnado inmigrante e procurar integralo nas actividades que se desenvolvan na biblioteca.
- Desenvolver proxecto de apoio á mellora da lectura e da escritura de alumnado con necesidades educativas especiais.
- Mellora na sinalización dos fondos da biblioteca.
- Creación dun grupo no Club de Lectura para lectores con dificultades lectoras.
- En caso de que no centro houber alumnado con mobilidade física reducida ou con algún tipo de limitación visual, deberían adoptarse medidas como as seguintes:
 - Facilitarlle o acceso no centro (a disposición do mobiliario, a instalación de guías sonoras, sinalización en cores ou táctil, instalación de andeis de fácil acceso, por exemplo...).
 - Na selección da colección dos fondos haberá que atender á adquisición para o seu catálogo de audiolibros, obras editadas en braille, de lecturas adecuadas a alumnos con NEE..., a inclusión nas mochilas viaxeiras de material específico para eles e elas.
 - No Plan anual de lectura teremos que lle ofertar proxectos e programas que faciliten os seus procesos de lectura e escritura, a súa alfabetización informacional e desenvolvemento AMI, deseñar actividades de fomento de lectura nas que todos e todas poidan participar (lectura en voz alta, os contacontos acompañados coa linguaxe de signos ou que se poidan seguir con auriculares, clubs de lectura inclusivos onde participen alumnos/as con problemas lectores conxuntamente con alumnos/as sen dificultades etc.).

6. OUTRAS ACTUACIÓNS.

- Desenvolver un proxecto interdisciplinario orientado á realización de actividades que incidan no coñecemento do contorno en que vive o alumnado, dos seus recursos e da súa cultura.

- Continuar co curso de xadrez e coa realización de torneos como se fixo este curso pero de forma telemática..
- Creación dun Club de Debate
- Creación de bibliotecas de aula
- Elaboración dunha proposta interdisciplinar de acordos de pautas a seguir para a presentación de traballos, tarefas, e textos e elaboración de rúbricas para a súa avaliación.
- Reorganización da biblioteca despois da reforma integral que vai ter neste curso.

7. AVALIACIÓN.

Coa finalidade de que o Proxecto de biblioteca resulte un elemento eficaz para a consecución dos obxectivos que se establecen, resulta necesario facer un seguimento valorativo que permita coñecer o seu grao de utilidade e validez. Esta avaliación será continua e tenderá a mellorar o propio proceso e os resultados obtidos, permitindo a adecuación ás necesidades que vaian xurdindo.

Os criterios de avaliación realizarase en base aos préstamos realizados, ás melloras na organización e xestión, aos resultados que mostre a enquisa cuberta polo alumnado, á formación de usuarios/as e ao desenvolvemento e repercusión das actividades de fomento da lectura. Analizaremos o desenvolvemento do proxecto nas reunións periódicas do equipo e escoitaremos a opinión dos usuarios (entre as que terán especial relevancia a dos membros do club de lectura e os tutores).

Recolleremos as melloras propostas e actualizaremos o desenvolvemento do proxecto en función das avaliacións parciais.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal. Cunha periodicidade trimestral, o equipo da biblioteca fará unha valoración do proceso e dos resultados obtidos e tomará as decisións oportunas encamiñadas á consecución dos obxectivos propostos.

Ao remate do curso realizaremos unha enquisa de avaliación final, cuxos resultados, xunto aos apartados das memorias de ciclos e departamentos dedicados ao Proxecto Lector e a Biblioteca, incorporaranse á Memoria da Biblioteca, de cara ao curso 2019-2020.

8. PERSOA RESPONSABLE, EQUIPO E HORARIO.

A persoa responsable do equipo no curso actual é María Inés López Nodar , que conta cun equipo de profesores/as de apoio. A coordinadora ten 5 horas de dedicación exclusiva. O profesorado de apoio mantén a biblioteca aberta 22 horas semanais e tamén durante todos os recreos. Non dispoñemos dunha hora de reunión semanal e as reunións hai que facelas nun Recreo.

A Estrada, 30 de Xuño de 2020

María Inés López Nodar (c. biblioteca)

José Manuel Puente Rey, (director do IES)